



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

*RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.*

- 1.- As eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar realizaranse entre os días **18 e 22 de novembro de 2024**, ambos os dous incluídos.
- 2.- A Xunta Electoral constituirase entre os días **22 e 28 de outubro de 2024**, ambos os dous incluídos.
- 3.- Os centros modificarán en cada renovación parcial o número de membros do consello escolar en función do número de unidades que teñan nese momento. No tocante ao IES Beade, correspóndelle a renovación de:
  - Cinco profesoras/es.
  - Dous representantes do nais/pais/ titores legais e a representante da ANPA.
  - Dous representantes do alumnado.
  - Un representante do persoal de administración e servizos.

A **Xunta Electoral** estará integrada pola directora do centro, un profesor, un pai/nai/titor legal, un representante do persoal de administración e servizos e un alumno/a de secundaria; designados os catro últimos por **sorteo público** no que se preverá a designación de membros suplentes. Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo martes, día **22 de outubro de 2024**, ás 10.00 horas.

As competencias da Xunta electoral son: Aprobar e publicar os censos electorais, que deberán reflectir nome e apelidos dos electores. Concretar o calendario electoral segundo o Regulamento vixente. Ordenar o proceso electoral. Admitir e proclamar candidaturas. Promover a constitución das distintas mesas electorais. Resolver as reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais. Proclamar os candidatos elixidos e remitir as correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería.

### ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO

- Os **representantes** do profesorado no Consello Escolar serán elixidos polo Claustro de entre os membros do mesmo que fosen proclamados pola Xunta Electoral. O voto será directo, secreto e non delegable.
- A directora do centro procederá a convocar o Claustro, para dar lectura ás normas deste Regulamento no relativo ao procedemento de elección dos representantes dos profesores no Consello Escolar, así como á relación de candidatos proclamados como tales pola Xunta Electoral. Nesta sesión fixarase a data de celebración do **Claustro, de carácter extraordinario**, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes dos profesores no Consello Escolar.
- No Claustro extraordinario constituirase unha **mesa electoral** integrada pola directora do centro, que actuará como presidente, os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
- Cada profesor/a fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres, catro ou cinco nomes da lista de candidatos segundo corresponda a renovación de menos de tres, tres, catro, cinco ou máis de cinco profesores respectivamente. Serán elixidos os profesores/as con maior número de votos. Se na primeira votación non resultase elixido o número de profesores/as que corresponda, procederase a realizar no mesmo acto sucesivas votacións ata alcanzar o dito número.